

BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS PARA INVESTIMENTOS DESTINADA A COLECTIVOS DE INTERESE VECIÑAL (ASOCIACIONES VECIÑAIS, COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS, COMUNIDADES DE MONTES).

Artigo 1. Obxecto e beneficiarios

1. As subvenciones reguladas por estas bases teñen por obxecto o outorgamento de axudas para investimentos destinadas ás entidades a que se refire o número 3 deste artigo, coa finalidade de contribuír a mellorar a calidade da vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal.

2. O procedemento de concesión destas subvencions tramítase mediante o réxime de concorrencia competitiva, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, de acordo co artigo 19.1.

3. Poderán ser beneficiarias das subvencions convocadas as asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas debidamente inscritas no rexistro público correspondente e comunidades de montes, para a realización de investimentos, tanto de obra como de equipamentos, en inmobles da súa titularidade ou dos que lles corresponda o dereito de uso, camiños veciñais e traídas de auga veciñais coa finalidade de mellorar a prestación dos servizos de interese veciñal análogos aos encadrados como servizos básicos municipais na lexislación básica de réxime local, mediante un mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles, contribuíndo deste xeito a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza.

4. As entidades deberán estar, en todo caso, debidamente inscritas no correspondente rexistro de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia (central ou provincial) dependentes da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, conter na súa denominación a identificación como asociación de veciños, e ter actualizados no rexistro os datos de composición da xunta directiva e estatutos da entidade.

No suposto das comunidades de usuarios de augas deberán estar inscritas no libro do rexistro de augas do correspondente organismo de bacía.

No suposto das comunidades de Montes deberán estar inscritas no libro de rexistro de Montes veciñais en máñ común nos servizos provinciais de Montes da Consellería de Medio Rural.

5. Non se atenderán as solicitudes das entidades non inscritas na data en que remate o prazo de solicitudes.

Artigo 2. Crédito

1. As subvencions reguladas ao abeiro desta convocatoria faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 16100 47100, Subvencions a Inversións en Traídas e Obras Veciñais, ata un importe máximo quince mil euros (15.000 €), correspondente aos orzamentos xerais do concello de Ponteareas para o ano 2017.

2. A axuda económica que se conceda poderá acadar ata o 80% do investimento realizado cun límite máximo por entidade de 6.000 euros para a realización de obras e de 3.000 euros para dotación de equipamentos, ata o esgotamento do crédito a que se refire o punto anterior.



3. Existe a posibilidade de ampliación de crédito nos supostos previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Nestes casos, o órgano concedente deberá publicar a ampliación de crédito nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Artigo 3. Destino das subvencións

Poderán ser obxecto de subvención os gastos ocasionados como consecuencia de investimentos realizados en inmobles de titularidade veciñal ou sobre os que a entidade solicitante ten un dereito de uso por convenio ou por calquera outro título, así como equipamentos necesarios para o seu funcionamento, todos eles vinculados a acadar una eficaz prestación dos servizos de interese veciñal análogos aos encadrados como servizos básicos municipais na lexislación de réxime local e mellora da vida local no Concello Ponteareas, incluídos os camiños veciñais e as traídas de auga xestionadas polas comunidades de usuarios de augas así como obras de adecentamento en cemiterios e levadas de regadío comunitario. Deberán ser gastos realizados durante o presente exercicio.

Artigo 4. Iniciación e prazo de presentación de solicitudes

1. As entidades que desexen acollerse aos beneficios desta convocatoria presentarán solicitude dirixida á Alcaldía segundo o modelo que figura como anexo I a esta convocatoria
2. A presentación das solicitudes realizarase obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica do concello de Ponteareas, <https://ponteareas.sedelectronica.gal/info.0>
3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se dispón del.
5. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos pola sede electrónica ou teña un formato non admitido pola sede electrónica do concello de Ponteareas, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica do concello de Ponteareas.
6. O prazo de presentación de solicitudes será de sete días naturais, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP de Pontevedra a través da Base de Datos Nacional de Subvencións. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao de publicación, entenderase que o prazo expira o derradeiro.



7. A entidade solicitante deberá xuntar á solicitud a seguinte documentación

- a) Copia compulsada do NIF da entidade solicitante só no caso de denegar expresamente a súa consulta.
- b) Memoria explicativa do investimento a realizar que será asinada polo representante da entidade, na cal se fará constar a data, e que irá acompañada dun esbozo de situación. Cando se trate de obras de reforma ou ampliación de instalacións ou edificacións existentes deberán incluírse entre a documentación fotografías que evidencien a situación da instalación antes da execución da obra.
- c) Orzamento do investimento ou da adquisición que se vai realizar, que deberá describir con claridade conceptos e cantidades e o seu prezo unitario. O orzamento, no cal se fará constar a data e que será asinado polo representante da entidade, debe aplicar o IVE do 21%. Só será subvencionable o IVE que non sexa deducible, e deberá sinalar expresamente a entidade esta circunstancia (se o IVE é deducible ou non) na solicitud.
- d) Certificación do órgano competente en que se aproba participar nesta convocatoria de subvencións e do nomeamento do representante para as súas relación co concello de Ponteareas, emitida no modelo do anexo IV.
- e) Declaración do representante da entidade de non estar incurso en causas de incompatibilidade para contratar e percibir subvencións da Administración pública e de aceptación das bases da convocatoria, incluída no anexo II da presente convocatoria.
- f) Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas que financien o investimento que se vai subvencionar e compromiso de comunicarlle ao Concello de Ponteareas as que obteñan nun futuro, incluída no anexo II da presente convocatoria.

A presentación da solicitud de concesión de subvención pola persoa interesada comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, caso en que deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

8. O defecto nas solicitudes seralles notificado ás persoas interesadas polo Concello de Ponteareas e, de conformidade co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, daráselles un prazo máximo e improrrogable de dez días naturais para emendar os erros ou omisións, con indicación de que, de non facelo así, se lles terá por desistidos da súa petición, logo da resolución que deberá ditarse nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Nestes casos, o crédito inicialmente asignado ás ditas solicitudes destinarase ás seguintes, respectando a orde de prelación.

Artigo 5. Instrución, Comisión de valoración e criterios de valoración

1. En aplicación dos principios de eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia e sendo unha convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva, unha vez revisadas as solicitudes e as



emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria, serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no seguinte punto.

2.Comisión de valoración

a) A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados neste artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

b) A composición da comisión de valoración será a seguinte:

– Presidencia: O Alcalde-Presidente do Concello de Ponteareas, ou concelleira/o en quen delegue.

– Vogais: Un técnico ou persoal adscrito ao departamento de urbanismo/oficina técnica.

Un técnico ou persoal adscrito ao departamento de Intervención.

Unha persoa funcionaria (con voz e sen voto) que actuará como secretaria da Comisión Avaliadora.

Os membros da Comisión serán designados mediante decreto da Alcaldía.

c) Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado as entidades solicitantes propostas para obter a subvención, e especificarase a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no punto seguinte. Así mesmo, indícarase o importe da subvención para cada un deles, ata esgotar o crédito dispoñible.

d) O resto das actuacións subvencionables quedarán en reserva para seren atendidas ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben coa ampliación dos créditos orzamentarios destinados a esta subvención de acordo co establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Para estes efectos, poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

e) A comisión de valoración constituirase na sede do Concello de Ponteareas. O seu funcionamento rexerase polo disposto na Sección 3ª, do capítulo II, do título preliminar da Lei 40/2015, do 10 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público .

f). A Comisión de valoración elevará a proposta de concesión ao Alcalde, quen resolverá.

3.Criterios de valoración:

1. A cuantía da subvención a conceder calcularase dividindo o importe total da partida orzamentaria desta finalidade, entre a puntuación obtida por toda-las solicitudes e será repartida proporcionalmente entre as diferentes entidades beneficiarias. Os proxectos ou actuacións que se presenten deberán ser técnica e financeiramente viables e os criterios de avaliación, que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión das subvencións, serán os seguintes:



a) O número de membros das asociacións, usuarios da comunidade de auga ou comuneiros da comunidade de Montes, que se baremará do seguinte xeito:

- Máis de 200: 6 puntos.
- de 101 a 299: 4 puntos.
- de 50 a 100: 3 puntos.
- de 1 a 49: 1 punto.

b) O número de habitantes beneficiarios directos do investimento:

- Máis de 300: 8 puntos.
- de 151 a 299: 6 puntos.
- de 50 a 150: 4 puntos.
- de 1 a 49: 2 puntos.

c) A necesidade e urxencia da execución do proxecto (requerirase informe valorado dos técnicos municipais pertinentes) :

- Urxente: 6 puntos.
- pouco urxente: 3 puntos.
- nada urxente: 1 punto

d) A finalidade do investimento:

- Proxectos de mellora abastecemento de augas en traídas veciñais: 8 puntos
- Proxectos e actuacións para mellorar os espazos públicos: 5 puntos
- Actuacións de mellora de presas, limpeza de mananciais e levadas de regadío comunitario: 4 puntos
- Actuacións de adecentamento dos espazos comúns nos cemiterios: 4 puntos

Artigo 6. Resolución, notificación e modificación

1. O prazo máximo para a resolver e notificar os procedementos iniciados en virtude desta convocatoria será de 10 días naturais, contado a partir da finalización do prazo de presentación de solicitudes.

2. Será causa de denegación de concesión da subvención o esgotamento do crédito consignado para estes efectos na partida orzamentaria fixada no artigo dous da presente convocatoria.



3. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse prioritariamente por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, o Concello de Ponteareas practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
6. Segundo o establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima os interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.
7. Contra a resolución as entidades interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular do Concello de Ponteareas, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo.
8. O órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprirse, en todo caso, os requisitos recollidos no artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproban o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 7. Aceptación

1. O representante da entidade beneficiaria disporá dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención e das condicións contidas nela, ou ben comunicar a renuncia á subvención concedida.
2. Transcorrido o prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención.
3. As entidades beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidas.
4. O Concello de Ponteareas poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos subvencionados.

Artigo 8. Obrigas dos beneficiarios

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, os beneficiarios das axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria quedan obrigados a:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.



b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real.

c) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto subvencionado, segundo o estipulado no artigo 41 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

d) Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:

1. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

2. Incumprimento da obriga de xustificar o pagamento nos termos establecidos no artigo 9 desta convocatoria.

3. Incumprimento da obriga de destinar os bens ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención, durante un período mínimo de cinco anos.

4. Incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos supostos establecidos no artigo 33 desta mesma lei e/ou calquera outro que resulte da normativa aplicable.

e) Destinar os bens ao fin concreto para o cal se concede esta subvención durante un período mínimo de cinco anos e proceder ao reintegro das cantidades percibidas no caso de incumprimento desta obriga. A axuda só será definitiva se non sofre antes de transcorridos cinco anos do seu remate unha modificación que afecte a natureza do investimento.

f) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

g) Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes da subvención nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral do Concello de Ponteareas en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Artigo 9. Xustificación e pagamento

1. Poderase realizar un primeiro pagamento do 80 % da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo unha vez realizada a



notificación da subvención e se acredite o gasto. O restante 20 % da contía da subvención aboarase unha vez que quede correctamente xustificado a execución dos investimentos.

2. As entidades beneficiarias terán de prazo para executar o proxecto subvencionado e presentar a correspondente xustificación dos investimentos realizados ata o 27 de decembro de 2017.

Para tales efectos, deberán achegar:

a) Memoria explicativa do investimento realizado e dos resultados obtidos, que inclúa una reportaxe fotográfica.

b) Conta xustificativa dos gastos no modelo do anexo III, na cal se relacionarán as facturas ou documentos con valor probatorio no tráfico mercantil e administrativo (identificarase o proveedor, o NIF, o número da factura, o concepto e o importe) ata completar a totalidade do orzamento que serviu de base á concesión.

Os gastos xustificadas deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial, non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.

c) Facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas, conformadas polo presidente da agrupación veciñal, indicando o DNI. Deben achegarse facturas, como mínimo, polo importe da subvención concedida.

As facturas que se presenten como xustificación dos gastos realizados deberán detallar unidades e os prezos unitarios. De non vir correctamente tipificado o gasto as facturas non se admitirán a trámite, dando lugar á perda da subvención concedida.

d) Documento bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas. Non se admitirán pagamentos en efectivo.

e) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas, para a actuación subvencionada ao abeiro desta convocatoria, das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos, e o compromiso de comunicar de contado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración segundo o modelo do anexo III.

f) Declaración asinada polo/a presidente/a da entidade de que se cumpriu a finalidade da subvención segundo o modelo do anexo III.

O aboamento da subvención practicaráselle directamente á agrupación na conta bancaria indicada por esta.

Transcorrido o prazo establecido neste artigo sen ter presentado a correspondente xustificación entenderase que a entidade renuncia á subvención.

Artigo 10. Modificación das resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Artigo 11. Concorrenca de axudas e subvencións públicas

Estas subvencións son compatibles coa percepción doutras subvencións, axuda, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Non obstante, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrenca con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actuación subvencionada.

Artigo 12. Incumprimento de obrigas

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 da devandita lei, a entidade beneficiaria comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que deba aquela, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da mesma norma legal.

Artigo 13. Publicidade das subvencións concedidas

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, O Concello de Ponteareas publicará na súa páxina web oficial e no taboleiro de anuncios a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como trasladará o seu contido a Base de Datos Nacional de Subvencións. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información e o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 14. Protección de datos de carácter persoal

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro do Concello de Ponteareas, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento.

O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral do Concello de Ponteareas

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante Concello de Ponteareas, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo:

Xardíns da Xiralda SN, Ponteareas, 36860 – Pontevedra, ou a través dun correo electrónico a info@ponteareas.es.

Artigo 15. Modelos normalizados

Na presente convocatoria ponse a disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da



presentación das solicitudes de inicio. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electrónicamente.

Artigo 16. Información relativa á convocatoria

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Administración Local, a través dos seguintes medios:

- a) Páxina web oficial do concello de Ponteareas ([http:// http://concellodeponteareas.gal](http://http://concellodeponteareas.gal)).
- b) Nos teléfonos Telf: 986 64 00 00 / 986 64 00 01
- c) No enderezo electrónico: info@ponteareas.es

Disposición derradeira primeira

En todo o non previsto nesta convocatoria rexerá a normativa xeral en materia de subvencións contida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ademais do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Ponteareas, 31 de outubro de 2017

Xosé Represas Giráldez

Alcalde-Presidente do Concello de Ponteareas



ANEXO I- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS PARA INVESTIMENTOS DESTINADA A
COLECTIVOS DE INTERESE VECIÑAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA O
ANO 2017

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude :

D./D^a _____ NIF _____

Enderezo _____ Municipio _____

Tfno. ou nº móbil _____ Enderezo electrónico _____

Cargo directivo na Asociación _____

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

Nome da
Asociación _____ CIF _____

Enderezo _____ Municipio _____

N.º de Rexistro da Asociación _____ N.º de asociados (a 1/1/2017) _____

Secretario/a: _____

Enderezo electrónico. _____

Tendo coñecemento da liña de axudas convocada polo Concello de Ponteareas dirixidas a
colectivos de interese veciñal do Concello de Ponteareas no 2017

SOLICITO ao abeiro da mesma a concesión da axuda para a realización da actividade,
aceptando as bases desta convocatoria en todos os seus termos. **Importe solicitado:**

Xunto con este anexo, o solicitante achega:

- Copia da tarxeta do CIF de identidade e dos seus Estatutos cotexados (adaptados á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo.)
- Copia do documento que acredite a representación do solicitante
- Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención
- Memoria explicativa do investimento a realizar e o seu Orzamento

Ponteareas, _____ de _____ de 20__

Sinatura do/da representante da entidade



AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEAREAS

ANEXO II- DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/A SOLICITANTE

**BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS PARA INVESTIMENTOS DESTINADA A
COLECTIVOS DE INTERESE VECIÑAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA O
ANO 2017**

Nome e apelidos da persoa que presenta a solicitude

D./D^a _____ NIF _____

Enderezo _____ Municipio _____

Tfno. ou nº móbil _____ Enderezo electrónico _____

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

Nome da asociación _____ CIF _____

Aos efectos do previsto no artigos 58 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 24 do Real decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.

En relación ao proxecto para o que se ten solicitado unha axuda do Concello de Ponteareas ao abeiro da convocatoria sinalada no encabezamento deste documento, formulo a seguinte

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

- Que a entidade representada por min está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non está incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiaria dunha achega ao abeiro da presente convocatoria, comprometéndose a manter esta situación ate a completa resolución do expediente.
- Que nin eu nin a entidade por min representada estamos incurso en ningunha circunstancia que impida o acceso á condición de beneficiario dunha achega pública.
- Que non obstante o anterior, autorizo ao Concello de Ponteareas para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria, na Axencia Tributaria Galega e na Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Que a entidade representada por min se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ponteareas poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se dedica a subvención, no caso de ser concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.
- Que a entidade que represento SI / NON solicitou subvencións para a mesma finalidade. Comprometéndome a comunicar de contado ao concello de Ponteareas a percepción de calquera outra axuda ou subvención para o mesmo fin.



- Que a entidade que represento se compromete a facer constar a colaboración do Concello de Ponteareas en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades
- Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos
- Que comprometémonos a utilización da lingua galega en todas as relacións coa Administración, así como ao seu uso nas accións subvencionables

Ponteareas, _____ de _____ de 20____

Sinatura do/da representante da entidade



ANEXO III - CONTA XUSTIFICATIVA

BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS PARA INVESTIMENTOS DESTINADA A COLECTIVOS DE INTERESE VECIÑAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA O ANO 2017

Nome e apelidos da persoa que presenta a declaración :

D./D^a _____ NIF _____

Enderezo _____ Municipio _____

Tfno. ou nº móbil _____ Enderezo electrónico _____

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

Nome da Asociación _____ CIF _____

DECLARO:

Que foron efectuadas as actividades financiadas coa achega concedida polo Concello de Ponteareas para as subvencións dirixidas a colectivos de interese veciñal no ano 2017, ao abeiro da presente convocatoria, e que se acadaron os obxectivos propostos.

Que, para as actividades subvencionadas, a relación de gastos e ingresos da entidade por min representada é a que se reproduce a continuación:

GASTOS EFECTUADOS

Expedidor da factura (con CIF)	N.º de factura	Data de expedición	Concepto	Importe
TOTAL GASTOS				

OUTROS INGRESOS QUE FINANCIARON A ACTIVIDADE

Administración outorgante	Importe

Ponteareas, _____ de _____ de 20 ____

Sinatura do/da representante da entidade.



**ANEXO IV – CERTIFICACIÓN DO ÓRGANO COMPETENTE QUE APROBA
PARTICIPAR NA PRESENTE CONVOCATORIA**

**BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS PARA INVESTIMENTOS DESTINADA A
COLECTIVOS DE INTERESE VECIÑAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS PARA O
ANO 2017**

Nome e apelidos da persoa que presenta a certificación :

D./D^a _____ NIF _____

Enderezo _____ Municipio _____

Tfno. ou nº móbil _____ Enderezo electrónico _____

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

Nome da Asociación _____ CIF _____

Cargo na entidade: _____

CERTIFICO:

Que esta entidade, mediante _____ acordo do/da
_____ (presidencia/xunta directiva/asamblea xeral/outros)
do _____ (data) , acordou solicitar subvención ao abeiro da orde pola que
se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións, en réxime de
concorrenza non competitiva, dentro do Plan específico de acción comunitaria destinada a
asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños de
Galicia, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia,
para o proxecto denominado:

_____ cun orzamento total de _____ € (IVE incluído), e designou como persoa
representante a _____ , en calidade
de _____ (presidente/a, secretario/a/outros).

Ponteareas, _____ de _____ de 20____

Sinatura do/da que certifica.



ANEXO 4- CERTIFICADO

D./Dona _____

con D.N.I _____, na condición de Secretaria/o da Asociación /Entidade
_____, con enderezo en

e co CIF número _____.

CERTIFICA**Primeiro.-** Que/Dona _____con D.N.I número _____, foi eleixida/o Presidenta/e desta Entidade na
Asemblea _____ do _____.**Segundo.-** Que esta asociación está legalmente constituída e non ten ánimo de
lucro.**Terceiro.-** Que esta asociación SI/NON solicitou e SI/NON recibiu subvencións
doutras administracións para o mesmo fin.**Cuarto.-** Que esta asociación fará constar a colaboración do Concello de
Ponteareas e incluírá os seus logos normalizados nos folletos, lonas, carteis, etc.
que se realicen para promocionar as actividades.

Ponteareas, _____ de _____ de 2017.

(selo e rúbrica)

